



INFORMA

Rematada a publicación das listaxes definitivas de aspirantes a vinculacións temporais das categorías incluídas na convocatoria ordinaria de selección temporal de persoal estatutario, publicada mediante resolución da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional de data 8 de novembro de 2004 (DOG Núm. 223, do 16 de novembro), cómpre facer as seguintes observacións:

1.- Apertura de prazos.

Para coñecemento dos interesados, mediante resolución da correspondente dirección provincial, deberá expoñerse no taboleiro de anuncios desta e das institucións sanitarias a información sobre a apertura e vixencia dos seguintes prazos:

1.1.- Baixa da listaxe subsidiaria por inscrición en convocatoria automática. (Categoría de cociñeiro).

Os aspirantes que figuren inscritos ao mesmo tempo na listaxe definitiva da convocatoria ordinaria de selección temporal na categoría de cociñeiro e na listaxe subsidiaria derivada de convocatoria automática, serán dados de baixa nesta última, agás que por escrito e no prazo de **dez días**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da resolución da dirección provincial, manifesten a opción de permanecer na listaxe subsidiaria.

De igual xeito, serán dados de baixa os aspirantes inscritos na convocatoria automática por promoción profesional temporal que non manifesten por escrito a súa vontade de permanecer na listaxe subsidiaria.

1.2.- Comunicación de dispoñibilidade de aspirantes con vínculos de longa duración inscritos noutra área.

Os aspirantes con nomeamento en praza vacante ou vínculos de duración igual ou superior a un ano que tiveran solicitado a súa inscrición noutra área sanitaria na presente convocatoria de selección temporal, deberán remitir escrito á dirección provincial correspondente, manifestando a súa dispoñibilidade para chamamentos na área sanitaria na que figuran inscritos, no prazo de **trinta días**, contados a partir do día seguinte ao da data da citada resolución.

Os aspirantes que manifesten a súa dispoñibilidade para chamamentos, serán chamados por unha vez para calquera vinculación que lle corresponda polo seu número de orde na nova área e, en caso de aceptar esta oferta, conlevará a renuncia á vinculación na área de orixe, que por pasar a prestar servizos na nova área non será obxecto de penalización.

No caso de que o aspirante rexeite este primeiro nomeamento ofertado unha vez presentado o escrito manifestando a súa dispoñibilidade, seralle de aplicación as penalizacións previstas no punto 11. do Pacto sobre selección temporal.

1.3. Solicitude devolución aboamento de taxa.

De acordo co disposto no punto oitavo da convocatoria, poderán solicitar a devolución dos importes aboados en concepto de taxa os aspirantes que figuren definitivamente excluídos nas listaxes de vinculacións temporais ou que efectuaran indebidamente o aboamento. O prazo para solicitar dita devolución

será **dun mes**, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da correspondente dirección provincial.

2.- Proba práctica.

De conformidade co previsto no Pacto sobre selección temporal, o punto 3.2. da convocatoria dispón que os aspirantes a vinculacións en determinadas categorías, que a seguir se indica, deberán superar unha proba de carácter práctico, que terá relación coas funcións a desempeñar por estes na correspondente categoría.

- Cociñeiros
- Electricistas
- PSX
- Auxiliares da función administrativa.
- Técnicos especialistas de sistemas e tecnoloxías da información.

A data e lugar de realización de dita proba serán comunicados por este centro directivo ás direccións provinciais con antelación suficiente á realización das mesmas e será publicada nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais, institucións sanitarias e na páxina web do Sergas.

Estarán exentos de realización da proba práctica os aspirantes que reúnan algún dos requisitos que se especifican no citado apartado da convocatoria.

3.- Actualización do importe de taxa por inscrición nas listaxes para o ano 2006.

Deberá terse en conta para o aboamento de taxas por inscrición nas convocatorias de selección temporal que se formalicen durante este ano, a modificación recollida na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006 (DOG número 250, do 30 de decembro de 2005), na que se establece que para o presente ano, o importe a aboar en concepto de inscrición nas listaxes de selección temporal é de 15,92 euros.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2006.

**O Director Xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional,**

Asdo.: Antonio José Fernández Paniagua

SR./SRA. DIRECTOR PROVINCIAL DO SERGAS.